

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN RAIOLAS – LUGO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE TRABALLO SOCIAL PARA A PREVENCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL DAS PERSOAS CON TEA E TCS NO EXER- CICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Raiolas - Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude no financiamento do Programa de traballo social para a prevención e inserción social das persoas con TEA e TCS.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio a todas aquelas persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autista e/ou Trastorno da Comunicación Social e as súas familias na provincia de Lugo, co obxecto de facilitar a integración social e mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e TCS a través de accións de traballo social preventivos e inclusivos. Asímesmo preténdese previr e frear o desenvolvemento daqueles factores que propician a exclusión social.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa Asociación Raiolas - Lugo para contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento das actuacións relacionadas co programa de traballo social para a prevención e inserción social das persoas con TEA e TCS.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela





XUNTA
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL
DE PERSOAS CON
DISCAPACIDADE

